

Vigo  
8-xul.  
1.951

Sr. D. Luís Tobío  
Montevideo

Meu querido amigo: Recibín a tua carta. Pordúxome fonda ledicia saber directamente de tí, despois de tantos anos. Satisfaime que che gustara o Caderno. Piñeiro é un rapaz de Lugo, de gran talento, adicado a custiós filosóficas. E' un dos valores novos de Galicia máis positivos. Quen che pode falar con detimento da súa persoalidade, é Prada.

Agora andamos a preparar o segundo Caderno, que irá adicado con preferencia á pintura. Coido que se manterá á mesma outura do primeiro. O pior é si calisqueira día non podemos seguir avante, pois as dificultades xurden cando menos se agarda. Aló veremos.

Por correo aparte remeseiche un exemprar da miña Historia da Literatura Galega, que remata de sair do prelo. E' o primeiro libro da serie de Manuás que edita "Galaxia". A mesma editorial ten en marcha unha serie de criación que se iniciou coa "Antífona da Cantiga" de Cabanillas; a de ~~Cadernos~~ co título de Coleición "Grial"; e unha de reedición de clásicos, chamada "Coleición Ponal". Pra o futuro matinamos en lle dar aínda meirande amplitude ás publicacións. Todo, craro está, contando con que poidamos seguir avante.

Ademais de "Galaxia", hai a Editorial dos Bibliófilos Gallegos que inspira Filgueira, con ffs máis arqueolóxicos que vivos, e a Coleición Benito Soto, sostida por un grupo de rapaces pontevedreses, adicada á publicación de libros poéticos.

Entre a xente nova comeza a haber algunha inquietude espiritual, pero en xeral pouca cousa.

A Historia de Galicia que dirixe Otero vai por bó camiño. Coido que xa está pra rematárese o primeiro tomo. Cecáis en setembro o poidan enviar pra impentalo.

Eu sigo coma sempre, inda que muito máis envellecido. Hai que traballar arreo, con un ritmo apresurado e agobiante. Non teño tempo pra nada, e nin siquera sei de onde saco o tempo. Agora estou pasando unha tempada n-unha praia de perto de Vigo, pero vou todol-os días á cidade, e practicamente non disfruto nada do mar.

Xa saberás que Carballo está agora en Lugo, de director de un Colexio. Continua coa súa misantropía esaxerada, e con abondos complexos. Fai cantos traballos literarios se lle encargan, pero non sai d'iso.

Istes días inaugurarás en Bos Aires a Exposición Coleutiva de Arte Galego, que orgaizamos aquí. Non sei como sairá. Agradeceríache que me deces as impresións que ahí recibas dos resultados. Si aparecen comentarios na prensa que tí lés, non te esquezas de mos mandar.

~~Tamén debe de andar a istas horas pol-a capital do Plata, Bouza-Brey. Coido que vai arranzar incoas folk-lóricas. Eu non-o fun a despedir cando saíu de aquí, a pesar de que me mandou dous recados. De todol-os xeitos, no fondo é un bó galego.~~  
me mandou dous recados. De todol-os xeitos, no fondo é un bó galego. Bueno, nada máis por hoxe. Recibe a cordial aperta de sempre do teu velão ami-

go